



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

BASES PARA A ADXUDICACIÓN DE DÚAS BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN NA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO (ANO 2018).

1.-Obxecto da Convocatoria

A concesión de dúas bolsas de colaboración PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN DE TURISMO, por un período de tres meses, na Oficina municipal de Turismo do Concello.

2.-Requisitos

Poderán ser adxudicatarios/as destas bolsas:

- a) Ser español/a ou nacional dun país membro da Unión Europea, residente en España, preferiblemente con residencia na provincia de Pontevedra.
- b) Posuír o título de Graduado ou diplomado en turismo, Técnico Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas ou de Técnico Superior en Información e Comercialización Turísticas, na data en que remate o prazo de presentación de instancias. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2003, ou con posterioridade a esta data.
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento da bolsa á que opta.
- d) Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga IV.
- e) Estar disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.
- f) Non estar incurso nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.-Contía

O importe total de cada bolsa é de 2.400 € brutos. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada.

4.-Natureza da bolsa, duración e horario

Os/as bolseiros/as non terá relación laboral nin contractual co Concello,

O período de duración das bolsas será de tres meses, do 15 de xuño ó 14 de setembro de 2018. A xornada será de vinte e oito horas semanais, distribuíndose estas en función das actividades nas que o Concello participe ou organice e determinando a Concelleira de Cultura o horario concreto.

5.-Tarefas

As actividades que desenvolverán as/os bolseiros/as consistirá en tarefas de información, animación e promoción turística e se levarán a cabo tanto no propio municipio como en outros, en función do lugar onde se celebren as actividades, e nas que o Concello decida participar.

6.-Solicitudes

a) As solicitudes para participar no concurso deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **5 días hábiles** dende o seguinte á publicación do anuncio no diario Faro de Vigo, en horario de 9.00 a 14.00 horas. Tamén poderanse remitir en calquera das formas que se recollen na Lexislación de Procedemento Administrativo; neste caso o/a interesado/a deberá acreditar, có resguardo correspondente, a data da imposición do envío da Oficina de Correos ou outro Organismo, e anunciar o mesmo día ó órgano de selección, por fax (986.70.53.33) ou correo electrónico (oficinas@soutomaior.com) a remisión da

solicitud. Sen cumprir tales requisitos, non será admitida a proposición no caso de ser recibida fora do prazo fixado no anuncio. As solicitudes, segundo modelo que poderá obterse na páxina web do concello www.soutomaior.com, irán acompañadas dos seguintes documentos:

1. Fotocopia do DNI ou calquera outro que o substitúa.
2. Documento acreditativo da titulación esixida ou de estar en condicións de obtela na data que remate o prazo para presentar as solicitudes.
3. Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega correspondente ó nivel Celga IV.
4. Certificado que acredite non estar incapacitado fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto da bolsa, ou declaración xurada da persoa solicitante conforme cumpre este requisito.
5. Certificado de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado.
6. Declaración xurada conforme se está disposto a asumir os gastos de desprazamento ó centro de traballo de destino.

Así mesmo, tamén poderán presentar a súa solicitude electrónicamente a través de <http://soutomaior.sedelectronica.es/>

b) Para presentaren as instancias os/as solicitantes estarán ó disposto no artigo 23, apartados 3, 4 e 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en todo o que sexa de aplicación, ademais do recollido no apartado primeiro desta cláusula.

7.- Selección bolseiros/as

O proceso de selección desenvolverase a través dun concurso de méritos. No concurso valorarase a documentación presentada polos/as aspirantes admitidos/as, e se o Tribunal o considera oportuno realizarase unha entrevista persoal cos/as catro candidatos/as que obteñan a maior puntuación. Méritos que se valorarán no concurso:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL -MÁXIMO DE 2 PUNTOS

Pola realización de prácticas de información turística realizadas en calquera Organismo da Administración Pública: 0,10 puntos por cada mes, cun máximo de 2 puntos.

B) MÉRITOS ACADÉMICOS - MÁXIMO DE 4 PUNTOS

Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas de Administración Pública relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria - ata un máximo de 4 puntos

B.1) MASTER OU POSTGRADO (relacionado co sector turístico): 2 puntos

B.2) CURSOS

<u>DURACIÓN</u>	<u>PUNTOS</u>
De 15 a 29 horas	0,10
De 30 a 59 horas	0,15
De 60 a 99 horas	0,20
De 100 a 200 horas	0,30
De máis de 200 horas	0,40

Os cursos cuxa duración non se acredite non serán valorados. Non se



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

valorarán as Xornadas.

Valoración dos créditos. Para a valoración dos créditos, no seu caso, se establece a seguinte equivalencia: 1 crédito=3 horas

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS- MÁXIMO DE 2 PUNTOS:

Por ter realizado cursos de idioma estranxeiro:

- nivel B1: 0,50 puntos
- nivel B2 ou superior: 1 punto

D) ENTREVISTA-MÁXIMO 2 PUNTOS: No caso de que o Tribunal o considere oportuno, poderá realizar unha entrevista curricular ós/ás catro aspirantes que obtiveran maior puntuación, dirixida a apreciar a adecuación entre os seus méritos e o perfil requirido para a adxudicacións das bolsas. A citada entrevista calificarase de 0 a 2 puntos.

8.- Comisión de Selección

As solicitudes presentadas serán valoradas por unha Comisión de Avaliación, que se constituirá a tal efecto e que estará integrada por:

Presidente/a.- A Concelleira de Cultura e Turismo do Concello de Soutomaior.

Vogais.- Tres persoas expertas na materia designadas pola Alcaldía.

Secretaria.- A Secretaria-Interventora do Concello.

A Comisión de Avaliación realizará unha lista cos/as aspirantes admitidos/as e non admitidos/as, neste último caso, expresarase a razón da exclusión.

Unha vez realizada a valoración, aplicando o baremo da Base anterior, a Comisión efectuará proposta da adxudicación das bolsas a favor das persoas que obteñan a maior puntuación. A proposta da Comisión exporase ó público na páxina web (www.soutomaior.com) e no taboleiro de anuncios do Concello durante un prazo de 3 días hábiles, ós efectos de que os/as interesados/as poidan presentar as reclamacións que consideren pertinentes, no seu caso.

O Alcalde, á vista da proposta formulada pola Comisión, resolverá a adxudicación das becas, de conformidade có establecido nesta convocatoria.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder dun mes. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

9.- Recursos

A resolución do procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, ou ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- Notificación

A concesión das bolsas notificaranse persoalmente ós/ás interesados/as no domicilio consignado a estes efectos na solicitude. Os/as adxudicatarios/as están obrigados/as no prazo de cinco días naturais a comunicar a este Concello a aceptación ou renuncia da bolsa por escrito.

No caso de aceptación da bolsa, achegarase a certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó/á titular da mesma.

Se transcorridos cinco días non se fixese manifestación en ningún sentido, tal feito entenderase como renuncia á bolsa.

11.- Renuncia e substitucións

Se unha vez aceptada a bolsa, o/a adxudicatario/a renunciara a ela, deberá facelo de forma xustificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de desfrute da mesma, o/a beneficiario/a non terá dereito a percibir ningunha contía polo período traballado. Se a renuncia se produce con posterioridade, abonaráselle a cantidade correspondente ós días transcorridos ata que se produciu a renuncia.

No caso de que se produza a renuncia por parte da persoa que resulte adxudicatario/a, o Concello procederá o nomeamento do/a seguinte petionario/a que obtivese maior puntuación, polo tempo que reste ata finalización do período de duración da bolsa, no seu caso, reducíndose proporcionalmente a contía da bolsa, e procedéndose do mesmo xeito en renunciacións consecutivas.

12.-Obrigas dos/as bolseiros/as

Os/as beneficiarios/as da bolsa desenvolverá a súa actividade baixo a dirección da Concellería de Cultura e deberá presentar ó finalizar o período de duración da bolsa unha memoria na que se recolla unha referencia dos traballos realizados, unha valoración dos recursos turísticos ofertados, demandas dos turistas, deficiencias dos servizos e proposta de accións para melloralala oferta turística.

O ALCALDE,
Documento asinado dixitalmente á marxe.

DILIXENCIA.- *Exténdese, como secretaria, para facer constar que as presentes bases, que constan de 4 páxs, todas elas en papel timbrado municipal, rubricadas por mín e seladas co o de Secretaría de este Concello, foron aprobados por Xunta de Goberno Local de data 3 de maio de 2018.*

A SECRETARIA
Documento asinado dixitalmente á marxe